

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



## ANUNCIO

### **Orde de execución por edificación en mal estado: caducidade do procedemento. Notificacións infrutuosas.**

#### **Expediente 2023/I002/000014.**

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 2365 do 16 de agosto de 2024 declarouse a caducidade do expediente 2023/I002/000014 de orde de execución polo mal estado dun edificio situado na rúa Sol, número 16, de Carballo (Referencia catastral 5344509NH2854N0001RY).

A dita resolución foi notificada aos propietarios do inmovible, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosas as notificacións dos seguintes interesados:

HEREDEROS DE MARÍA LORENZO RODRÍGUEZ, representados por MARÍA JOSÉ SOUTO FACAL

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial del Estado”.

En consecuencia e, segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas aos citados interesados no procedemento, comunicándolles que:

Primeiro: O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase a súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

Segundo: Poderán interpoñer de forma potestativa o recurso de reposición pola caducidade do expediente número 2023/I002/000014 ante o alcalde do concello de Carballo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles notificara a resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte ao de aquel no que se produza o acto presunto.

En Carballo, 1 de outubro de 2024

O alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez